5.- Los concejales miembros de la Comisión Municipal de Obras percibirán por el concepto de asistencia a las labores de investigación que ésta realice, la cantidad de cuarenta y ocho euros con ocho céntimos (48,08 euros) por asistencia, sin que, en ningún caso, puedan percibir más de doce asistencias al año. A estos efectos, el presidente de la Comisión Informativa o, en su caso, quien lo sustituya, extenderá diligencia de comparecencia de los asistentes a tales labores de investigación.

6.- Únicamente para los supuestos previstos en los anteriores apartados 4 y 5 de esta base 14ª, en caso de asistencia del “vocal suplente”, su asistencia se imputará al límite del vocal suplido. Si no asistieran dos o más vocales titulares del mismo grupo, la asistencia del “vocal suplente” se imputará contra el límite de aquél que tenga menor número de asistencias efectivas a sesiones de la comisión de que se trate, resolviéndose los empates en forma alternativa.

7.- El tesorero de esta entidad percibirá, en concepto de indemnización, la cantidad de dieciocho euros con tres cénti-



mos (18,03 euros) por asistencia a la casa consistorial para realizar las tareas propias de sus funciones. En ningún caso se abonarán más de diez asistencias mensuales. A tales efectos, Secretaría-Intervención extenderá las oportunas diligencias de comparecencia en cada ocasión en que el tesorero lleve a cabo la firma.

8.- El concejal que se designe como “vigilante de obras”, será retribuido con la cantidad de ciento ochenta euros con treinta céntimos (180,30 euros) mensuales o, en su caso, a la cuantía prorrateada por días que corresponda, entendiéndose meses de 30 días y a razón de seis euros con un céntimo (6,01 euros) diarios.

Esta retribución se llevará a cabo únicamente en los meses en que estén operativas las Brigadas Municipales de Obras y/o de Medio Ambiente y nunca más de cinco meses, en la forma que se determine en la Resolución de la Alcaldía en la que se nombre a este concejal vigilante o a estos concejales vigilantes de obras.

9.- En lo que se refiere a los gastos de desplazamientos, se distinguirá la media dieta de la dieta. Se percibirá media dieta por aquellos desplazamientos que se inicien y rematen en un solo día, siendo el importe de éstas de quince euros con cero céntimos (15,00 euros). Se percibirá dieta completa en los casos en que el desplazamiento se inicie en un día y remate en otro día distinto, siendo el importe de dicha dieta de treinta euros con cero céntimos (30,00 euros) por día.

10.- En lo que se refiere a los gastos de desplazamientos o locomoción, los concejales percibirán la cantidad de cero euros con treinta céntimos (0,30 euros) por kilómetro realizado, en el caso de que utilicen vehículo propio, y, en caso contrario, se les abonará la factura que presenten. A estas cantidades se les añadirán las resultantes de gastos de peajes y de aparcamientos que se justifiquen debidamente.

11.- (...)

12.- (...)

13.- Por lo que se refiere a los válidos justificantes de pago, se entenderá por tales las facturas en las que constan todos los requisitos establecidos legalmente o, en caso de no existir éstas, mediante realización de declaración jurada por parte del interesado. Para los restantes casos será condición “sine qua non” para el abono la prestación de algún tipo de justificante de que se ha realizado el desplazamiento; por ejemplo, documento en el que conste el sello de Registro de Entrada del organismo al que se ha tenido que ir.

14.- Por lo que se refiere a lo previstos en los puntos 9, 10 y 11 de la presente base 14ª, se señala que, en caso de presentación de factura, ésta primará sobre la dieta, media dieta o locomoción de que se trate o á que se tenga derecho.>>

Padrenda, 20 de julio de 2010. El alcalde.

Fdo.: Manuel Pérez.

R. 3.372

Rairiz de Veiga

Edicto

Ó non se ter presentado reclamacións contra o expediente de aprobación da Ordenanza reguladora do acceso electrónico ós servizos municipais do Concello de Rairiz de Veiga a devandita ordenanza queda definitivamente aprobada.

Contra a súa aprobación definitiva cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contado a partir do seguinte ó da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Ourense.

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, procédese á publicación do texto íntegro da devandita ordenanza:

Ordenanza reguladora do acceso electrónico ós servizos municipais do Concello de Rairiz de Veiga

Artigo 1.- Obxecto

1. Constitúe o obxecto desta ordenanza o desenvolvemento da lexislación xeral de acceso electrónico ós servizos públicos para garanti-la súa aplicación efectiva no Concello de Rairiz de Veiga e nas entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración municipal.

2. As disposicións contidas nesta ordenanza non serán de aplicación ás actividades que o concello ou as súas entidades de dereito público, vinculadas ou dependentes, poidan levar a cabo en réxime de dereito privado.

Artigo 2.- Garantía da efectividade dos dereitos dos cidadáns e dos principios xerais en materia de utilización das tecnoloxías da información na Administración pública.

1. A utilización das tecnoloxías da información pola Administración municipal axustarase en todo momento ós principios xerais recollidos na lexislación de acceso electrónico ós servizos públicos, garantindo, en todo caso, a efectividade dos dereitos dos cidadáns que a dita lexislación reconeice expresamente.

2. Para garanti-lo acceso dos cidadáns ós servizos electrónicos proporcionados pola Administración provincial, o concello disporá a posta en marcha dos seguintes medios:

A. A creación de oficinas de atención presencial ós cidadáns, nas que se prestarán, de xeito libre e gratuito, os seguintes servizos mínimos:

a) A posta a disposición dos cidadáns dos medios e instrumentos necesarios para que os cidadáns poidan exercer, respecto do Concello de Rairiz de Veiga, os dereitos recollidos actualmente na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos, e aqueloutros que as leis futuras poidan establecer.

b) A prestación de asistencia e orientación para a utilización destes medios e instrumentos, ben a cargo de persoal das oficinas, ben mediante sistemas de atención incorporados ós propios medios e instrumentos técnicos.

c) A validación da identificación dos cidadáns que non dispoñan dos sistemas de sinatura electrónica autorizados na lexislación vixente, para os efectos do exercicio dos seus dereitos de acceso electrónico ós servizos municipais. A dita validación será realizada por funcionarios propios do concello.

A oficina de atención presencial poderá crearse mediante convenio de colaboración con outras administracións públicas, e neste suposto estenderá a prestación dos seus servizos ós cidadáns que desexen ter acceso electrónico coas devanditas administracións.

B. A creación de puntos de acceso electrónico, consistentes en sedes electrónicas das dependencias da Administración municipal e os seus organismos dependentes, mediante resolución da Alcaldía ou, de se-lo caso, do órgano unipersoal executivo correspondente das entidades públicas dependentes ou vinculadas. En todo caso, existirá un punto de acceso xeral na sede electrónica principal do concello, dende o que se poderá acceder a tódolos servizos e informacións dispoñibles do propio concello e de tódolos seus organismos públicos dependentes.

C. A creación dun servizo de atención telefónica gratuita, dende o que se facilitará información e asistencia técnica para o acceso ós servizos electrónicos municipais.

Artigo 3.- Sede electrónica

1. Entenderase por sede electrónica todo enderezo electrónico dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicación cuxa titularidade, xestión e administración lle corresponde ó concello ou ás súas entidades públicas dependentes.

2. Corresponderalle á Alcaldía establecer ou modifica-la sede electrónica, mediante resolución que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia. O alcalde poderá autorizar



ademais a apertura de sedes electrónicas secundarias, referidas a unidades ou departamentos específicos, cando existan razóns de carácter técnico que o aconsellen. Non obstante, a sede electrónica principal deberá conter información relativa á totalidade dos servizos electrónicos municipais, ofrecendo acceso ás sedes electrónicas secundarias.

3. No caso das entidades públicas dependentes do concello, a competencia para a súa creación ou modificación corresponde-lle ó órgano unipersoal executivo correspondente.

4. Seralles de plena aplicación ás sedes electrónicas do concello e das súas entidades públicas dependentes o disposto no artigo 10 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico ós servizos públicos.

Artigo 4.- Da identificación e autenticación dos cidadáns

1. Por resolución da Alcaldía determinaranse os sistemas de sinatura electrónica avanzada admisibles para o acceso electrónico ós servizos públicos municipais. Igualmente, a Alcaldía poderá autorizar-lo emprego doutros sistemas de sinatura electrónica, tales como claves concertadas nun rexistro previo, achega de datos coñecidos por ámbalas partes ou outros sistemas non criptográficos, e a validez do emprego dos certificados electrónicos expedidos a entidades sen personalidade xurídica. En todo caso, no expediente de determinación dos sistemas de sinatura electrónica admitidos deberá figurar un informe técnico no que se acredite o cumprimento, por parte dos sistemas autorizados, dos requisitos establecidos na lexislación vixente.

2. En todo caso, a identificación e autenticación dos cidadáns no acceso electrónico ós servizos municipais poderá realizarse a través dos sistemas de sinatura electrónica incorporados ó documento nacional de identidade, conforme coa súa normativa reguladora.

3. O concello e as súas entidades públicas dependentes farán públicas, nas súas sedes electrónicas e no Boletín Oficial da Provincia, a relación de sistemas de sinatura electrónica admitidos para a identificación dos cidadáns no acceso ós servizos públicos municipais.

4. A identificación e autenticación ante o concello e as súas entidades públicas dependentes dos cidadáns que carezan de sinatura electrónica poderá levarse a cabo por funcionarios municipais ou doutras administracións públicas coas que se subscribise o correspondente convenio de colaboración, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei de acceso electrónico ós servizos públicos. O concello manterá actualizado un rexistro dos funcionarios habilitados para a identificación e autenticación dos cidadáns, rexistro que será de acceso público a través da súa sede electrónica.

5. O concello poderá, mediante resolución da Alcaldía, habilitar, con carácter xeral ou específico, a persoas físicas ou xurídicas para a realización de transaccións electrónicas en representación dos interesados, nas condicións legalmente establecidas. No expediente de habilitación deberá figurar preceptivamente informe técnico sobre o cumprimento dos requisitos legais de aplicación.

Artigo 5.- Identificación e autenticación do concello e dos seus órganos e persoal

A identificación e autenticación electrónica do concello, dos seus órganos e do persoal ó seu servizo rexeráse polo establecido nos artigos 17 a 20 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico ós servizos públicos, correspondéndolle á Alcaldía a competencia para a determinación dos sistemas concretos que se empreguen.

Artigo 6.- Do Rexistro Electrónico

1. Créase un Rexistro Electrónico Xeral para a recepción e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións. A unidade responsable da súa xestión será a Secretaría-Intervención do concello, coa asistencia técnica dos servizos técnicos, sen prexuízo das facultades de supervisión e dirección da Alcaldía. A

través deste rexistro, poderán presentarse validamente e con plenos efectos xurídicos, perante o concello, toda clase de solicitudes, escritos e comunicacións, tanto mediante documentos electrónicos normalizados conforme con formatos preestablecidos como mediante documentos non normalizados dirixidos a calquera órgano ou dependencia municipal.

2. A data e hora oficial do Rexistro Electrónico Xeral será a suministrada polo Real Observatorio da Armada.

3. O calendario de días inhábiles do Rexistro Electrónico Xeral será obxecto de publicación anual no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica de acceso ó rexistro.

4. Por resolución da Alcaldía, poderán crearse rexistros electrónicos auxiliares cando existan causas que o xustifiquen, que en todo caso deberán estar debidamente coordinados co Rexistro Electrónico Xeral. A creación destes rexistros electrónicos auxiliares requirirá informe preceptivo da Secretaría-Intervención do concello.

5. As entidades públicas dependentes do concello deberán crear un rexistro electrónico xeral propio e axustado ó establecido na lexislación vixente a partir da entrada en vigor desta ordenanza.

Artigo 7.- Das comunicacións e notificacións

1. Os cidadáns poderán, como regra xeral, optar libremente pola utilización ou non de medios electrónicos nas súas relacións coa Administración municipal e coas administracións das entidades públicas dependentes do concello.

2. Non obstante o anterior, o órgano competente para a resolución dos procedementos poderá establecer como obrigatorio o uso exclusivo de medios electrónicos na tramitación dos seguintes procedementos:

a) Procedementos de selección de persoal.

b) Procedementos de xestión en materia de recursos humanos do concello e das súas entidades públicas dependentes.

c) Procedementos de concesión de subvencións a persoas físicas ou xurídicas cando os seus destinatarios, por razóns de capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados, teñan garantido o acceso ou dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos.

d) Procedementos de contratación pública.

e) Procedementos para o exercicio das funcións, dereitos e obrigacións dos concelleiros, incluída a convocatoria de sesións de órganos colexiados e o acceso á información e documentación correspondente ás ditas convocatorias.

3. A práctica das notificacións electrónicas rexeráse en todo momento polo establecido na Lei de acceso electrónico ós servizos públicos, ou norma que a substitúa.

Artigo 8. Expedientes electrónicos

1. O concello e as súas entidades públicas dependentes documentarán e arquivarán electronicamente os procedementos cuxa resolución poida dar lugar ó recoñecemento, declaración, constitución, modificación ou privación de dereitos de persoas físicas e xurídicas, así como os procedementos de carácter sancionador, calquera que sexa a forma de tramitación dos ditos procedementos.

2. A xestión electrónica dos procedementos e a documentación destes en soporte electrónico axustarase en todo momento ás disposicións xerais contidas na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico ós servizos públicos, ou, de se-lo caso, ás normas especiais de procedemento que sexan aplicables.

3. O concello documentará e arquivará en soporte electrónico os libros de actas dos seus órganos colexiados e os libros de resolucións dos seus órganos unipersoais con facultades para ditar actos administrativos con efectos fronte a terceiros.

4. A Alcaldía, logo do informe dos servizos afectados, autorizará o redeseño funcional dos procedementos para facilitar a súa xestión electrónica, axustándose en todo caso ós criterios de simplificación administrativa, economía, celeridade e efi-



ciencia, garantindo en todo momento os dereitos dos interesados nos procedementos.

Artigo 9. Uso de linguais oficiais

O concello e as súas entidades públicas dependentes garantirán, en todo caso, o dereito dos cidadáns ó emprego indistinto de calquera das linguas oficiais no acceso electrónico ós servizos municipais.

Disposición derradeira

Esta ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e continuará en vigor ata a súa derogación expresa polo concello.

Rairiz de Veiga, 9 de xullo de 2010. O alcalde.

Asdo.: Xosé Xaquín Rodríguez Ambrosio.

Edicto

Al no haberse presentado reclamaciones contra el expediente de aprobación de la Ordenanza reguladora de acceso electrónico a los servicios municipales del Ayuntamiento de Rairiz de Veiga, dicha ordenanza queda definitivamente aprobada.

Contra su aprobación definitiva cabe interponer recurso contencioso-administrativo ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia en el plazo de dos meses, contados a partir del siguiente al de su publicación en el Boletín oficial de la Provincia de Ourense.

En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, se procede a la publicación del texto íntegro de dicha ordenanza:

Ordenanza reguladora del acceso electrónico a los servicios municipales del Ayuntamiento de Rairiz de Veiga

Artículo 1.- Objeto

1. Constituye el objeto de la presente ordenanza el desarrollo de la legislación general de acceso electrónico a los servicios públicos para garantizar su aplicación efectiva en el Ayuntamiento de Rairiz de Veiga y en las entidades de derecho público, vinculadas o dependientes, de la Administración municipal.

2. Las disposiciones contenidas en esta ordenanza no serán de aplicación a las actividades que el ayuntamiento o sus entidades de derecho público, vinculadas o dependientes, puedan llevar a cabo en régimen de derecho privado.

Artículo 2.- Garantía de la efectividad de los derechos de los ciudadanos y de los principios generales en materia de utilización de las tecnologías de la información en la Administración pública.

1. La utilización de las tecnologías de la información por la Administración municipal se ajustará en todo momento a los principios generales recogidos en la legislación de acceso electrónico a los servicios públicos, garantizando, en todo caso, la efectividad de los derechos de los ciudadanos que dicha legislación reconoce expresamente.

2. Para garantizar el acceso de los ciudadanos a los servicios electrónicos proporcionados por la Administración provincial, el ayuntamiento dispondrá la puesta en marcha de los siguientes medios:

A. La creación de oficinas de atención presencial a los ciudadanos, en las que se prestarán, de forma libre y gratuita los siguientes servicios mínimos:

a) La puesta a disposición de los ciudadanos de los medios e instrumentos necesarios para que los ciudadanos puedan ejercer, respecto del Ayuntamiento de Rairiz de Veiga, los derechos recogidos actualmente en la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los servicios públicos, y aquellas otras que las leyes futuras puedan establecer.

b) La prestación de asistencia y orientación para la utilización de estos medios e instrumentos, bien a cargo del personal de las oficinas, bien mediante sistemas de atención incorporados a los propios medios e instrumentos técnicos.

c) La validación de la identificación de los ciudadanos que no dispongan de los sistemas de firma electrónica autorizados en la legislación vigente, a los efectos del ejercicio de sus derechos de acceso electrónico a los servicios municipales. Dicha validación será realizada por funcionarios propios del ayuntamiento.

La oficina de atención presencial se podrá crear mediante convenio de colaboración con otras administraciones públicas, y en este supuesto extenderá la prestación de sus servicios a los ciudadanos que deseen tener acceso electrónico con dichas administraciones.

B) La creación de puntos de acceso electrónico, consistentes en sedes electrónicas de las dependencias de la Administración municipal y sus organismos dependientes, mediante resolución de la Alcaldía o, en su caso, del órgano unipersonal ejecutivo correspondiente de las entidades públicas dependientes o vinculadas. En todo caso, existirá un punto de acceso general en la sede electrónica principal del ayuntamiento, desde el que se podrá acceder a todos los servicios e informaciones disponibles del propio ayuntamiento y de todos sus organismos públicos dependientes.

C) La creación de un servicio de atención telefónica gratuito, desde el que se facilitará la información y asistencia técnica para el acceso a los servicios electrónicos municipales.

Artículo 3.- Sede electrónica

1. Se entenderá por sede electrónica toda dirección electrónica disponible para los ciudadanos a través de redes de comunicación cuya titularidad, gestión y administración le corresponda al ayuntamiento o a sus entidades públicas dependientes.

2. Le corresponde a la Alcaldía establecer o modificar la sede electrónica mediante resolución que será objeto de publicación en el Boletín Oficial de la Provincia. El alcalde podrá autorizar además la apertura de sedes electrónicas secundarias, referidas a unidades o departamentos específicos, cuando existan razones de carácter técnico que lo aconsejen. No obstante, la sede electrónica principal deberá contener información relativa a la totalidad de los servicios electrónicos municipales, ofreciendo acceso a las sedes electrónicas secundarias.

3. En el caso de las entidades públicas dependientes del ayuntamiento, la competencia para su creación o modificación le corresponde al órgano unipersonal ejecutivo correspondiente.

4. Le será de plena aplicación a las sedes electrónicas del ayuntamiento y de sus entidades públicas dependientes, lo dispuesto en el artículo 10 de la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico a los servicios públicos.

Artículo 4.- De la identificación y autenticación de los ciudadanos.

1. Por resolución de la Alcaldía se determinarán los sistemas de firma electrónica avanzada admisibles para el acceso electrónico a los servicios públicos municipales. Igualmente, la alcaldía podrá autorizar el empleo de otros sistemas de firma electrónica, tales como claves concertadas en un registro previo, aportación de datos conocidos por ambas partes u otros sistemas no criptográficos, y la validez del empleo de los certificados electrónicos expedidos a entidades sin personalidad jurídica. En todo caso, en el expediente de determinación de los sistemas de firma electrónica admitidos deberá figurar un informe técnico en el que se acredite el cumplimiento, por parte de los sistemas autorizados, de los requisitos establecidos en la legislación vigente.

2. En todo caso, la identificación y autenticación de los ciudadanos en el acceso electrónico a los servicios municipales podrá realizarse a través de los sistemas de firma electrónica



incorporados al documento nacional de identidad, conforme con su normativa reguladora.

3. El ayuntamiento y sus entidades públicas dependientes harán públicas, en sus sedes electrónicas y en el Boletín Oficial de la Provincia, la relación de sistemas de firma electrónica admitidas para la identificación de los ciudadanos en el acceso a los servicios municipales.

4. La identificación y autenticación ante el ayuntamiento y sus entidades públicas dependientes de los ciudadanos que carezcan de firma electrónica, podrán llevarse a cabo por funcionarios municipales o de otras administraciones públicas con las que se subscribiese el correspondiente convenio de colaboración, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 22 de la Ley de acceso electrónico a los servicios públicos. El ayuntamiento mantendrá actualizado un registro de los funcionarios habilitados para la identificación y autenticación de los ciudadanos, registro que será de acceso público a través de su sede electrónica.

5. El ayuntamiento podrá, mediante resolución de la Alcaldía, habilitar, con carácter general o específico, a personas físicas o jurídicas para la realización de transacciones electrónicas en representación de los interesados, en las condiciones legalmente establecidas. En el expediente de habilitación deberá figurar preceptivamente informe técnico sobre el cumplimiento de los requisitos legales de aplicación.

Artículo 5.- Identificación y autenticación del ayuntamiento y de sus órganos y personal.

La identificación y autenticación electrónica del Ayuntamiento, de sus órganos y del personal a su servicio se regirá por lo establecido en los artículos 17 a 20 de la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico a los servicios públicos, correspondiéndole a la Alcaldía la competencia para la determinación de los sistemas concretos que se empleen.

Artículo 6.- Del Registro Electrónico

1. Se crea un Registro Electrónico General para la recepción y remisión de solicitudes, escritos y comunicaciones. La unidad responsable de su gestión será la Secretaría-Intervención del ayuntamiento, con asistencia técnica de los servicios técnicos, sin perjuicio de las facultades de supervisión y dirección de la Alcaldía. A través de este registro, podrán presentarse válidamente y con plenos efectos jurídicos ante el ayuntamiento toda clase de solicitudes, escritos y comunicaciones, tanto mediante documentos electrónicos normalizados conforme con formatos preestablecidos como mediante documentos no normalizados dirigidos a cualquier órgano o dependencia municipal.

2. La fecha y hora oficial del Registro Electrónico General será suministrada por el Real Observatorio de la Armada.

3. El calendario de días inhábiles del Registro Electrónico General será objeto de publicación anual en el Boletín Oficial de la Provincia y en la sede electrónica de acceso al registro.

4. Por resolución de la Alcaldía, podrán crearse registros electrónicos auxiliares cuando existan causas que lo justifiquen, que en todo caso deberán estar debidamente coordinados con el Registro Electrónico General. La creación de estos registros electrónicos auxiliares requerirá informe preceptivo de la Secretaría-Intervención del ayuntamiento.

5. Las entidades públicas dependientes del ayuntamiento deberán crear un registro electrónico general propio y ajustado a lo establecidos en la legislación vigente a partir de la entrada en vigor de esta ordenanza.

Artículo 7.- De las comunicaciones y notificaciones

1. Los ciudadanos podrán, como regla general, optar libremente por la utilización de medios electrónicos en sus relaciones con la Administración municipal y con las administraciones de las entidades públicas dependientes del ayuntamiento.

2. No obstante lo anterior, el órgano competente para la resolución de los procedimientos podrá establecer como obli-

gatorio el uso exclusivo de medios electrónicos en la tramitación de los siguientes procedimientos:

a) Procedimientos de selección de personal.

b) Procedimientos de gestión en materia de recursos humanos del ayuntamiento y de sus entidades públicas dependientes.

c) Procedimientos de concesión de subvenciones a personas físicas o jurídicas cuando sus destinatarios, por razón de capacidad económica o técnica, dedicación profesional u otros motivos acreditados, tengan garantizado el acceso o disponibilidad de los medios tecnológicos precisos.

d) Procedimiento de contratación pública.

e) Procedimiento para el ejercicio de las funciones, derechos y obligaciones de los concejales, incluida la convocatoria de sesiones de órganos colegiados y el acceso a la información y documentación correspondiente a dichas convocatorias.

3. La práctica de las notificaciones electrónicas se regirá en todo momento por lo establecido en la Ley de acceso electrónico a los servicios públicos, o norma que la sustituya.

Artículo 8.- Expedientes electrónicos

1. El ayuntamiento y sus entidades públicas dependientes documentarán y archivarán electrónicamente los procedimientos cuya resolución pueda dar lugar al conocimiento, declaración, constitución, modificación o privación de los derechos de personas físicas y jurídicas, así como los procedimientos de carácter sancionador, cualquiera que sea la forma de tramitación de dichos procedimientos.

2. La gestión electrónica de los procedimientos y la documentación de éstos en soporte electrónico se ajustará en todo momento a las disposiciones generales contenidas en la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico a los servicios públicos, o, en su caso, a las normas especiales de procedimiento que sean de aplicación.

3. El ayuntamiento documentará y archivará en soporte electrónico los libros de actas de sus órganos colegiados y los libros de resoluciones de sus órganos unipersonales con facultades para dictar actos administrativos con efectos frente a terceros.

4. La Alcaldía, previo informe de los servicios afectados, autorizará el rediseño funcional de los procedimientos para facilitar su gestión electrónica, ajustándose en todo caso a los criterios de simplificación administrativa, economía, celeridad y eficacia, garantizando en todo momento los derechos de los interesados en los procedimientos.

Artículo 9.- Uso de leguas oficiales

El ayuntamiento y sus entidades públicas dependientes garantizarán, en todo caso, el derecho de los ciudadanos al empleo indistinto de cualquiera de las lenguas oficiales en el acceso electrónico a los servicios municipales.

Disposición final

La presente ordenanza entrará en vigor al día siguiente de su publicación íntegra en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, y una vez transcurrido el plazo establecido en el artículo 65.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local, continuando en vigor hasta su derogación expresa por el ayuntamiento.

Rairiz de Veiga, 9 de julio de 2010. El alcalde.

Fdo.: Xosé Xaquín Rodríguez Ambrosio.

R. 3.379

Ribadavia

Edicto

Don Antonio García Vázquez solicitou nesta Alcaldía a licenza municipal para o proxecto de nave industrial para almacenamento e embotellado de viños, situado na parcela n.º 78 do parque empresarial. Cumprindo co disposto no apartado a), do número 2, do artigo 30 do Regulamento de actividades moles-



tas, insalubres, nocivas e perigosas, do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública polo prazo de 10 días hábiles, co fin de que durante este, que comezará a contar dende o día seguinte ó da inserción deste edicto no BOP, poidan examina-lo expediente na secretaría deste concello as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar, e formular por escrito as observacións que estimen oportunas.

Ribadavia, 29 de xuño de 2010. O alcalde.
Asdo.: Marcos Blanco Jorge.

Edicto

Don Antonio García Vázquez solicitó en esta Alcaldía la licencia municipal para el proyecto de nave industrial para almacenaje y embotellado de vinos, situado en la parcela n.º 78 del parque empresarial. Cumpliendo con lo dispuesto en el apartado a), del número 2, del artículo 30 del Reglamento de actividades molestas, insalubres, nocivas y peligrosas de 30 de noviembre de 1961, se somete a información pública por el plazo de 10 días hábiles, con el fin de que durante este, que comenzará a contar desde el día siguiente al de la inserción de este edicto en el BOP, puedan examinar el expediente en la secretaría de este ayuntamiento las personas que de algún modo se consideren afectadas por la actividad que se pretende instalar, y formular por escrito las observaciones que estimen oportunas.

Ribadavia, 29 de junio de 2010. El alcalde.
Fdo.: Marcos Blanco Jorge.

R. 3.099

Vilamarín

Atopado un erro no anuncio co número de rexistro R. 3.313, publicado no BOP n.º 171 do mércores 28 de xullo de 2010, procédese a súa corrección para os efectos oportunos:

No título do anuncio onde di: "Vilamartín"
Debe dicir: "Vilamarín"

Detectado un error en el anuncio con el número de registro R. 3.313, publicado en el BOP n.º 171 del miércoles 28 de julio de 2010, se procede a su corrección para los efectos oportunos:

*En el título de anuncio donde dice: "Vilamartín"
Debe decir: "Vilamarín"*

R. 3.510

Xunqueira de Ambía

Anuncio

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 04.06.2010, aprobou inicialmente un expediente de transferencia de créditos por importe de 64.641,00 euros. Unha vez transcurrido o período de información pública sen presentación de ningunha reclamación, o dito acordo elévase a definitivo, quedando modificadas as partidas orzamentarias segundo o seguinte detalle:

A) Diminución das seguintes partidas:

Partida de gastos; explicación; cantidade para minorar.

24143; retribucións persoal cursos; 31.700,45 euros.

40204; arrendamentos e canons; 3.697,86 euros.

30210; reparacións, mantemento e conservación; 5.000,00 euros.

45213; ídem; 5.000,00 euros.

15221; material, subministracións e outros; 4.242,69 euros.

24221; subministracións cursos; 10.000,00 euros.

32231; indemnizacións por razón do servizo; 5.000,00 euros.

Total: 64.641,00 euros.

B) Incremento da seguinte partida:

Partida; explicación; cantidade para consignar.

45221; subministración materiais obradoiro de emprego;

64.641,00 euros.

Xunqueira de Ambía, 12 de xullo de 2010. O alcalde.

Anuncio

El Pleno de la Corporación, en la sesión ordinaria celebrada el día 04.06.2010, aprobó inicialmente un expediente de transferencia de créditos por importe de 64.641,00 euros. Transcurrido el periodo de información pública sin presentación de reclamación alguna, dicho acuerdo se eleva a definitivo, quedando modificadas las partidas presupuestarias según el siguiente detalle:

A) Disminución de las siguientes partidas:

Partida de gastos; explicación; cantidad a aminorar.

24143; retribuciones personal cursos; 31.700,45 euros.

40204; arrendamientos y cánones; 3.697,86 euros.

30210; reparaciones, mantenimiento y conservación; 5.000,00 euros.

45213; ídem; 5.000,00 euros.

15221; material, suministros y otros; 4.242,69 euros.

24221; suministros cursos; 10.000,00 euros.

32231; indemnizaciones por razón del servicio; 5.000,00 euros.

Total: 64.641,00 euros.

B) Incremento de la siguiente partida:

Partida; explicación; cantidad para consignar.

45221; suministro materiales taller de empleo; 64.641,00 euros.

Xunqueira de Ambía, 12 de julio de 2010. El alcalde.

R. 3.359

V. TRIBUNAIS E XULGADOS

V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

Xulgado do Social n.º 2

Ourense

Edicto

N.º de autos: despedimento/cesamentos en xeral 535/2010

Demandante: Marta de Antonio García

Avogado: Pablo Guntiñas Fernández

Demandada: Transportes Creanini, SL (Casa do Pulpo)

En virtude do que se acordou nos actos de referencia, de conformidade co disposto nos artigos 59 da LPL e 156.4 e 164 da LAC, por medio deste edicto cítase a Transportes Creanini, SL, (Casa do Pulpo) co fin de que compareza ó acto de xuízo sinalado para o día 7 de setembro ás 10.15 horas, baixo apercibimento de que as seguintes comunicacións se farán fixando copia da resolución ou da cédula xudicial no taboleiro de anuncios da oficina xudicial. Insírase un extracto da resolución-cédula no BOP.

Ourense, 9 de xullo de 2010. O secretario xudicial.



Juzgado de lo Social n.º 2 Ourense

Edicto

N.º de autos: despido/ceses en general 535/2010

Demandante: Marta de Antonio García

Abogado: Pablo Guntiñas Fernández

Demandada: Transportes Creanini, SL (Casa do Pulpo)

En virtud de lo que se acordó en los actos de referencia, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 59 de la LPL y 156.4 y 164 de la LEC, por medio del presente se cita a Transportes Creanini, SL, (Casa do Pulpo) a fin de que comparezca al acto de juicio señalado para el día 7 de septiembre a las 10.15 horas, bajo apercibimiento de que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula judicial en el tablón de anuncios de la oficina judicial. Insértese un extracto de la resolución-cédula en el BOP.

Ourense, 9 de julio de 2010. El secretario judicial.

R. 3.364

Xulgado do Social n.º 2 Ourense

Edicto

N.º de autos: despedimento/cesamentos en xeral 598/2010.

Demandante: Esther Gómez Anny.

Avogado: José Antonio Somoza Blanco.

Demandada: Dona Vaca, SL.

En virtude do que se acordou nos actos de referencia, de conformidade co disposto nos artigos 59 da LPL e 156.4 e 164 da LAC, por medio deste edicto cítase a Dona Vaca, SL, co fin de que compareza ó acto de xuízo sinalado para o día 7 de setembro ás 11.20 horas, baixo apercibimento de que as seguintes comunicacións se farán fixando copia da resolución ou da cédula xudicial no taboleiro de anuncios da oficina xudicial. Insírase un extracto da resolución-cédula no BOP.

Ourense, 12 de xullo de 2010. O secretario xudicial.

Juzgado de lo Social n.º 2 Ourense

Edicto

N.º de autos: despido/ceses en general 598/2010.

Demandante: Esther Gómez Anny.

Abogado: José Antonio Somoza Blanco.

Demandada: Dona Vaca, SL.

En virtud de lo que se acordó en los actos de referencia, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 59 de la LPL y 156.4 y 164 de la LEC, por medio del presente se cita a Dona

Vaca, SL, a fin de que comparezca al acto de juicio señalado para el día 7 de septiembre a las 11.20 horas, bajo apercibimiento de que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula judicial en el tablón de anuncios de la oficina judicial. Insértese un extracto de la resolución-cédula en el BOP.

Ourense, 12 de julio de 2010. El secretario judicial.

R. 3.362

Xulgado do Social n.º 2 Ourense

Edicto

N.º de autos: procedemento ordinario 435/2010

Demandante: Carmen Campelo Castillo

Avogado: José Nivardo Cid López

Demandados: Gallego y Blanco Allariz, SL, e Andrés Blanco Corbillón

En virtude do que se acordou nos actos de referencia, de conformidade co disposto nos artigos 59 da LPL e 156.4 e 164 da LAC, por medio deste edicto cítase a Gallego y Blanco Allariz, SL, e a Andrés Blanco Corbillón co fin de que comparezan ó acto de xuízo sinalado para o día 7 de setembro ás 10.15 horas, baixo apercibimento de que as seguintes comunicacións se farán fixando copia da resolución ou da cédula xudicial no taboleiro de anuncios da oficina xudicial. Insírase un extracto da resolución-cédula no BOP.

Ourense, 6 de xullo de 2010. O secretario xudicial.

Juzgado de lo Social n.º 2 Ourense

Edicto

N.º de autos: despido/ceses en general 435/2010

Demandante: Carmen Campelo Castillo

Abogado: José Nivardo Cid López

Demandados: Gallego y Blanco Allariz, SL, e Andrés Blanco Corbillón

En virtud de lo que se acordó en los actos de referencia, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 59 de la LPL y 156.4 y 164 de la LEC, por medio del presente edicto se cita a Gallego y Blanco Allariz, SL, e a Andrés Blanco Corbillón, a fin de que comparezca al acto de juicio señalado para el día 7 de septiembre a las 10.15 horas, bajo apercibimiento de que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula judicial en el tablón de anuncios de la oficina judicial. Insértese un extracto de la resolución-cédula en el BOP.

Ourense, 6 de julio de 2010. El secretario judicial.

R. 3.361

